

**PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES PARA A
ADXUDICACIÓN, MEDIANTE PROCEDIMIENTO ABERTO, DA LICENZA DE
AUTO-TURISMO (CLASE B) Nº1 DE VILAR DE SANTOS:**

CLÁUSULA PRIMEIRA. Obxecto do contrato

Constitúe o obxecto do presente prego a **adxudicación, mediante procedemento aberto, da licenza de auto-turismo (clase B) nº 1 do Concello da Vilar de Santos**, para a prestación do servizo de transporte de viaxeiros en automóviles lixeiros de aluguer con conductor, no Concello de Vilar de Santos, de conformidade coa Lei 6/1996, de 9 de xullo, de coordinación dos servizos de transportes urbanos e interurbanos por estradas de Galicia, a Lei 16/1987, de 30 de xullo, de Ordenación dos Transportes Terrestres, o Real Decreto 1211/1990 de 28 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Ordenación dos Transportes Terrestres e o Real Decreto 763/1979, de 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento Nacional dos Servizos Urbanos de Transporte en Automóviles Lixeiros, e demais normativa aplicable.

CLÁUSULA SEGUNDA. Procedemento de selección e adxudicación

A forma de adxudicación da licenza de auto-turismo (clase B) nº 1 será o **procedemento aberto**, en que todo empresario interesado poderá presentar unha proposición e no que quedará excluída toda negociación dos termos do contrato, de acordo co artigo 157 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, do 14 de novembro.

Para a valoración das proposicións atenderase a **varios criterios de adxudicación**; entre outros, a previa dedicación á profesión en réxime de traballador ou traballadora asalariado (artigo 12 do Real decreto 763/1979, do 16 de marzo, polo que se aproba o Regulamento nacional dos servizos urbanos e interurbanos de transporte en automóviles lixeiros).

O órgano de contratación non poderá declarar deserta unha licitación cando exista algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuran neste prego.

CLÁUSULA TERCEIRA. Condicións de participación

Serán **requisitos** para a presentación de solicitudes:

— Ser maior de 18 anos, sen exceder da idade máxima que fixe o Código de circulación o leis vixentes para este tipo de actividade.

— Ser español, nacional dun país da Unión Europea ou doutro país estranxeiro, co que , en virtude do disposto en acordos, tratados ou convenios internacionais subscritos po España, non sexa esixible o citado requisito, ou, noutro caso, sempre que conte coas autorizacións e permisos de traballo que, con arranxo ao disposto na lexislación sobre dereitos

e liberdades dos estranxeiros en España, resulten suficientes para amparar a realización da actividade de transporte en nome propio.

— Estar en posesión do permiso de conducir de clase B ou superior, así como da autorización para conducir os vehículos a que se refire o artigo 4.2 do Regulamento Xeral de Condutores (BTP), sen que o mesmo se atope suspendido ou retirado no momento de formular a presentación da correspondente solicitude, e durante todo o tempo que dure a adxudicación.

— Acreditar a titularidade do vehículo en réxime de propiedade, aluguer, arrendamento financeiro, renting ou outro réxime admitido pola normativa vixente.

No seu caso, se a decisión de adquisición de vehículo por parte do solicitante estivera ligada á obtención da licenza se admitirá o compromiso por escrito do solicitante de adquisición de vehículo adecuado, especificando as características do mesmo.

— Acreditar o cumprimento das obrigas de carácter fiscal, laboral e social, incluídas as relativas ás condicións do centro de traballo, establecidas na lexislación vixente.

- Aqueles outros que dispoña o código de circulación ou expresamente sinale, con carácter xeral a Dirección Xeral de Tráfico.

— Acreditar, no caso das persoas xurídicas, que os conductores que prestan os servizos teñen o certificado esixido pola lei.

— Ter cuberta a responsabilidade civil polos danos que poidan ocasionarse no transcurso do servizo, nos termos establecidos pola normativa vixente.

— Non padecer enfermidade nin impedimento físico que imposibilite ou dificulte o normal exercicio da profesión.

- Non ser titular doutra licenza de auto-turismo no Concello de Vilar de Santos.

— Compromiso de aportar un **vehículo da categoría de turismo, cun número máximo de prazas non superior a cinco**, incluída a do conductor, debendo figurar esta capacidade máxima tanto no permiso de circulación como no certificado de características. **A antigüidade do vehículo no será superior a dous anos** dende a data de matrícula inicial.

CLÁUSULA CUARTA. Criterios de Adxudicación

A **prelación** para a adxudicación da licenza será de conformidade ao establecido no artigo 13 do Real Decreto 763/1979, será a seguinte:

— **1º** Condutores asalariados dos titulares de licenzas de auto-turismo que presten o servizo con plena e exclusiva dedicación na profesión, acreditado mediante a posesión e vixencia do permiso de conductor expedido polo Concello de Vilar de Santos e a inscrición e cotización en tal concepto na Seguridade Social.

No caso de existir mais dun conductor asalariado, a adxudicación farase por rigorosa e continuada antigüidade.

— **2º** De non poderse adxudicar a licenza con arranxo aos criterios anteriores, poderase adxudicar a persoas naturais ou xurídicas tendo en conta os seguintes **criterios**:

- Ter experiencia profesional no transporte de viaxeiros, como asalariado ou autónomo, acreditado mediante contrato de traballo ou certificado de empresa e vida laboral, ou altas fiscais; 1 punto por ano completo traballado, cun máximo de 5 puntos.

- Estar empadroado no Concello da Vilar de Santos, por cada ano completo 1 punto ata un máximo de 5 puntos.
- Por ofertar un vehículo polivalente especialmente adaptado para transporte de persoas con discapacidade ou mobilidade reducida; 1 punto.
- Oferta económica: Ata un máximo de 2 puntos (Se otorgará a máxima puntuación ó licitador que formule a maior oferta económica, e ós demais licitadores a puntuación que corresponda en función da aplicación dunha regra de proporción directa en función da cuantía ofertada).

CLÁUSULA QUINTA. Gastos

O adxudicatario queda obrigado ao pago dos **anuncios e Impostos** que procedan.

CLÁUSULA SEXTA. Proposicións

As proposicións para tomar parte no procedemento presentaranse en dous sobres pechados, nos que se fará constar a <<**Proposición para tomar parte no procedemento aberto de adxudicación da licenza municipal de auto-turismo (clase B) nº1 do Concello de Vilar de Santos**>> facendo constar en cada un deles o seu respectivo contido. A denominación dos sobres é a seguinte:

- Sobre «A»: Documentación administrativa.
- Sobre «B»: Proposta/Solicitud e documentación xustificativa do cumprimento dos criterios.

En cada un dos sobres farase indicación do nome do licitador e asinado por este e con indicación de teléfono fax, email e do domicilio a efectos de notificacións.

Os documentos a incluír en cada sobre deberán ser orixinais ou copias autenticadas, conforme á Lexislación en vigor.

Dentro de cada sobre e cunha relación previa dos documentos que se aportan deberán introducirse os seguintes:

SOBRE «A» **DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA**

a) Documentos que acrediten a personalidade xurídica do empresario.

a.1.- PERSOAS FÍSICAS

- Fotocopia do DNI, debidamente compulsada.

a.2.- PERSOAS XURÍDICAS

- Escritura de constitución e modificación, no seu caso, inscritas no Rexistro Mercantil, cando este requisito fose esixible conforme á lexislación mercantil que lle sexa aplicable. Se non o fose, escritura ou documento de constitución, de modificación, estatutos ou acto fundacional, no que conste as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos, no seu caso no correspondente Rexistro oficial.

- Fotocopia da Tarxeta de Código de Identificación Fiscal (CIF), debidamente compulsada.

b) Documentos que acrediten a representación.

— Os que comparezan ou asinen proposicións en nome doutro, presentarán copia notarial do poder de representación, bastantado polo Secretario da Corporación.

Se o licitador fose persoa xurídica, este poder deberá figurar inscrito no Rexistro Mercantil, cando sexa esixible legalmente.

— Igualmente a persoa con poder bastantado a efectos de representación, deberá acompañar fotocopia compulsada administrativamente ou testemuña notarial do seu documento nacional de identidade.

c) Declaración responsable de non estar incurso nunha prohibición para contratar das recollidas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro.

Esta declaración incluírá a manifestación de atoparse ao corrente do cumprimento das obrigacións tributarias (Facenda Estatal, Autonómica e Concello de Vilar de Santos) e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes, sen prexuízo de que a xustificación acreditativa de tal requisito deba presentarse, antes da adxudicación, polo empresario a cuxo favor se vaia a efectuar esta.

(Modelo orientativo Anexo I)

d) Fotocopia compulsada do permiso de conducir B ou superior e do BTP

e) Documentos que acrediten a titularidade do vehículo en réxime de propiedade, aluguer, arrendamento financeiro, renting ou outro réxime permitido pola normativa vixente, así como aqueles que acrediten a antigüidade do vehículo e a capacidade máxima, debendo aportar o permiso de circulación, o certificado de características e tarxeta de inspección técnica.

No seu caso, se a decisión de adquisición do vehículo por parte do solicitante estivera ligada á obtención da licenza se admitirá o compromiso por escrito do solicitante de adquisición de vehículo adecuado, proporcionando detalle das características do vehículo e da antigüidade do mesmo .

f) Copia da póliza por responsabilidade civil ou, no seu caso, proposta da póliza de responsabilidade civil por entidade aseguradora.

g) Certificado médico xustificativo dos extremos establecidos na cláusula 3ª do presente prego.

h) As empresas estranxeiras presentarán declaración de someterse á Xurisdición dos Xulgados e Tribunais españois de calquera orde, para todas as incidencias que de modo directo ou indirecto puidesen xurdir, con renuncia, no seu caso, ao foro xurisdiccional estranxeiro que puidese corresponder ao licitador.

SOBRE «B»
PROPOSICIÓN

a) Proposición/Solicitud

Presentarase conforme ao seguinte modelo:

«D. _____, con domicilio en _____, Municipio _____, C. P. _____, e DNI n.º _____, expedido en _____ con data _____, en nome propio [ou en representación de _____ como acreditado por _____], informado da convocatoria para a adxudicación da licenza de auto-turismo nº1 do Concello de Vilar de Santos, por procedemento aberto, atendendo á oferta economicamente máis ventaxosa, con varios criterios de adxudicación, anunciada no Boletín Oficial da Provincia de Ourense de acordo ao Prego de Cláusulas Administrativas, fago constar que o acepto incondicionada e integramente e que participo na licitación comprometéndome a prestar a actividade de autoturismo co vehículo marca _____ e modelo _____ .

(no seu caso)

Así mesmo comprometome a abonar (unha sola vez) o seguinte canon a tanto alzado:
:

Canon _____ euros.

En _____, a ____ de _____ de 2013.

Sinatura do licitador,
Asdo.: _____».

b) Documentación xustificativa do cumprimento dos criterios de adxudicación de conformidade ao establecido na cláusula 4ª.

CLÁUSULA SÉTIMA. Plazo e forma de Presentación

As proposicións/solicitudes presentarase no Concello de Vilar de Santos, no Rexistro de Entrada deste Concello (Rúa Celanova nº77, 320650 Vilar de Santos) no **prazo de vinte días naturais**, en horario de 09:00 a 14:300 contados a partir do día seguinte ao da publicación do anuncio no Boletín Oficial da Provincia .No caso de que o último día fose inhábil ou sábado, prorrogarase automaticamente ao seguinte día hábil. Tamén se poderán remitir a través dos medios establecidos no artigo 38 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, neste caso, os aspirantes deberán comunicalo mediante telegrama ou fax ao nº 988.46.58.63 durante o mesmo prazo que o de presentación de solicitudes.

Cando as proposicións sexan enviadas por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío na oficina de Correos e anunciar ao órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, fax ou telegrama no mesmo día, consignándose o número do expediente, título completo do obxecto do contrato e nome do licitador.

A acreditación da recepción do referido télex, fax ou telegrama efectuarase mediante dilixencia extendida no mesmo polo Secretario municipal. Sen a concorrencia de ambos os requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de terminación do prazo sinalado no anuncio de licitación. En todo caso,

transcorridos cinco días seguintes a esa data sen que se recibise a documentación, esta non será admitida.

Cada licitador non poderá presentar máis dunha proposición. Tampouco poderá subscribir ningunha proposta en unión temporal con outros se o fixo individualmente ou figurara en máis dunha unión temporal. A infracción destas normas dará lugar á non admisión de todas as propostas por el subscritas.

A presentación dunha proposición supón a aceptación incondicionada polo empresario das cláusulas do presente Prego.

CLÁUSULA OCTAVA. Publicidade

Terminado o prazo de presentación de solicitudes, publicarase a lista no **Boletín Oficial da Provincia**, ao obxecto de que os interesados e as Asociacións profesionais de empresarios e traballadores poidan **alegar** o que estimen oportuno en defensa dos seus dereitos no prazo de **quince días** (art 10 RD 763/1979).

CLÁUSULA NOVENA. Mesa de Contratación

A Mesa de Contratación, de acordo co establecido no punto 10 da Disposición Adicional Segunda do TRLCSP, estará integrada polos seguintes **membros**:

— Presidente:

D. Xoán Xosé Jardón Pedras, Alcalde.

— Vocais:

D. Mario Luis Rodríguez Fernández, Secretario-Interventor da Corporación.

Dña Pilar Rivera Varela, Axente de Emprego.

Dña Tamara Portela da Conceicao, Traballadora Social.

D. Antonio Miguez Nogueiras , 1º Tenente de Alcalde

— Secretario:

Dª Begoña Oliveira Cid, Auxiliar Administrativa do Concello.

Se faculta á Alcaldía para poder substituír ós membros da mesa no caso de ser preciso

CLÁUSULA DÉCIMA. Apertura de Proposicións e Adxudicación

A Mesa de Contratación constituirase o **segundo día hábil** trala finalización do prazo de exposición pública ó que se refire a cláusula oitava, ás 12,00 horas. Se a data prevista coincide en sábado ou festivo, a Mesa constituirase o seguinte día hábil.

En primeiro lugar a mesa calificará a documentación administrativa contida nos sobres «A».

A Mesa poderá conceder, se o estima convinte, un prazo non superior a tres días para que o candidato corrixa os defectos ou omisións subsanables observados na documentación presentada, que suspende o trámite de apertura do sobre <> ata que se subsane a documentación presentada.

Procederá despois, en sesión pública, á apertura e exame do sobre «B», podendo nese momento a Mesa solicitar cantos informes técnicos considere precisos, antes de elevar a proposta.

A Alcaldía, clasificará por orde decrecente as proposicións presentadas.

CLÁUSULA DÉCIMO PRIMEIRA. Requiremento da documentación xustificativa

A Alcaldía, requiriralle ao licitador que presente a oferta máis vantaxosa que, dentro do prazo de **dez días hábiles** contados desde o seguinte a aquel en que reciba o requiremento, presente a seguinte documentación:

_ Documentación xustificativa de atoparse ao corrente no cumprimento coas obrigas tributarias (Estado, Xunta e Concello de Vilar de Santos) e coa Seguridade Social.

_ Documentación acreditativa do vehículo que se va a adscribir ao servizo e que cumpre cos requisitos esixidos.

- Seguro de responsabilidade civil polos danos que poida ocasionarse no transcurso do servizo, nos termos establecidos pola normativa vixente.
- No seu caso, xustificante bancario do ingreso na conta do Concello de Vilar de Santos, do canon que no seu caso ofertou.

De non se completar adecuadamente o requiremento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retirou a súa oferta e procederase nese caso a solicitarlle a mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.

CLÁUSULA DÉCIMO SEGUNDA. Adxudicación

O órgano de contratación deberá adxudicar a licenza dentro dos **cinco días hábiles** seguintes á recepción da documentación.

Non se poderá declarar deserta unha licitación se existe algunha oferta ou proposición que sexa admisible de acordo cos criterios que figuren no prego.

A adxudicación, que deberá ser motivada, seralles notificada aos candidatos ou licitadores .

CLÁUSULA DECIMO TERCEIRA. Dereitos e Obrigas do Titular da Licenza

No prazo de **sesenta días naturais** contados desde a data da concesión da licenza municipal, o seu titular virá obrigado a **prestar o servizo** de forma inmediata e co vehículo afecto ao mesmo.

En calquera caso, **o adxudicatario deberá tramitar a autorización VT que habilita para a prestación de servizos interurbanos ante a autoridade competente** (Servizo de Mobilidade da Xefatura Territorial da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestructuras), segundo a lexislación en vigor, e comunicar ao concello a obtención da mesma.

Os dereitos e obrigas do titular da licenza son os que nacen deste Prego, que terá carácter contractual, e da licenza outorgada polo Municipio, así como os derivados da Lexislación aplicable.

Son, entre outras, **obrigas específicas do titular da licenza**, as seguintes:

- O vehículo destinado á prestación do servizo deberá levar un anagrama co logotipo do Concello de Vilar de Santos.
- A prestación do servizo se realizará na parada sita na Praza do Chafariz (Vilar de Santos), fixada ós efectos polo Concello.
- A prestación do servizo será continuada, de tal maneira que ó titular da licenza facilitará un número de teléfono ós efectos de poder ser localizado polos usuarios para a prestación do servizo.

CLÁUSULA DECIMO CUARTA. Recursos Administrativos e Xurisdicionais

Os Acordos correspondentes do órgano de contratación porán fin á vía administrativa e serán inmediatamente executivos. Contra os mesmos pode interpoñerse recurso potestativo de reposición, de conformidade coa Lei de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e do Procedemento Administrativo Común, no prazo dun mes ante o mesmo órgano que o ditou, ou recurso contencioso-administrativo, conforme ao disposto na Lei Reguladora de dita Xurisdición, ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo, no prazo de dous meses contados a partir da notificación do Acordo (artigos 109 e 118 da LAP e artigo 46 da LX).

Vilar de Santos, 22 de Maio do 2013

O Alcalde

Xoán Xosé Jardón Pedras

ANEXO I

<<D. _____, con domicilio para os efectos de notificacións en _____, r/ _____, núm. ____, e con DNI núm. _____, en representación da entidade _____, con CIF núm. _____ (no seu caso), en relación ó expediente para a concesión de licenza de auto-turismo nº1 de Vilar de Santos”,

Declaro que non estou incurso (a empresa _____ que represento non está incurso) en ningunha das prohibicións para contratar das recollidas no artigo 60 do RD Legislativo 3/2011 polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Así mesmo manifesto que me atopo (a empresa _____ que represento se atopa) ó corrente do cumprimento das obrigas tributarias (co Estado, Xunta de Galicia e Concello de Vilar de Santos) e coa Seguridade Social impostas polas disposicións vixentes.

_____, __ de _____ de 2013

Sinatura do licitador

Asdo.: _____>>